**C.E.I.P. “Alfredo Brañas”**

**CURSO ACADÉMICO 2022-2023**

**PROXECTO CURRICULAR DE ÁREA: INGLÉS**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Mestre: Gustavo López Morán**

**1. Introduccion**

1.1. Principios xerais

**2. Xustificacion**

2.1. Lexislacion vixente

2.2. Contexto

2.3. Competencias clave

**3. Obxectivos xerais para educación primaria**

**4. Contidos**

**5. Programación das unidades**

**6. Metodoloxía**

6.1. Actividades

6.2. Recursos

6.3. Organización do espazo e tempo

6.4. Plans e proxectos

6.5. Actividades extracurriculares

6.6. Contidos Interdisciplinares

**7. Educación en valores**

**8. Atención a diversidade e alumnos con necesidades educativas especiais**

8.1 Atención áq diversidade

8.2 Alumnos con necesidades educativas especiais

**9. Avaliación**

9.1. Criterios de avaliación

9.2. Estándares de aprendizaxe

9.3. Elementos de avaliación

9.3. Ferramentas de avaliación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## 10. Referencias

10.1. Documentos legais

10.2. Bibliografía

10.3. Paxinas web

**1. Introduccion**

Esta programación esta baseada nestes principios e tamén nas indicacións reflectidas na Ley Organica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)

1.1. Principios xerais

A comunicación é o principal obxectivo cando estamos a ensinar unha lingua estranxeira en Educación Primaria. Tendo en conta este principio, a nosa metodoloxía estará baseada na adquisición de competencia comunicativa, tendo en conta habilidades tanto receptivas como produtivas. É moi importante nutrir aos alumnos con diferentes fontes linguisticas (receptivas e produtivas) para que o seu desenvolvemento linguistico sexa óptimo. Incluiremos actividades de comprensión oral, comprensión escrita así como actividades de produción oral e escrita, aumentando gradualmente a complexidade das mesmas. Seguindo as indicacións de Canale & Swain para acadar a citada competencia comunicativa deben desenvolverse as seguintes sub-competencias:

- Competencia gramatical, que se refire a habilidade para usar as normas da lingua, desenvolvese a través de diferentes tipos de actividades dentro de situacións comunicativas.
- Competencia discursiva, referida a capacidade para usar diferentes tipos de discurso. Esta habilidade desenvolvese a través da presentación de diferentes tipos de situacións comunicativas tanto orais como escritas, así como diferentes interlocutores como o mestre, compañeiros...
- Competencia estratéxica que se refire a habilidade de definir, corrixir ou facer calquera tipo de axuste nunha situación comunicativa. O mestre debe proporcionar os alumnos as estratexias necesarias.
- Competencia socio-lingüística que e a habilidade para adaptar unha mensaxe propia a un contexto especifico tendo en conta os usos da lingua nunha comunidade.
- Competencia socio-cultural que se refire ao grado de familiaridade no contexto social e cultural onde se usa a lingua obxectivo.

As catro habilidades linguisticas básicas ( escoitar, falar, ler e escribir ) deben de ser tidas en consideración en todo momento e deben de ser incluídas nas nosas leccións a través de diferentes situacións de comunicación real. Debemos de tratar estas habilidades non de unha

maneira aillada, senón en constante interrelacion. Aínda que nas situacións da vida real necesitamos usar  diferentes habilidades, os exercicios de clase estarán algunhas veces centrados en so unha habilidade, como primeiro paso para a presentación e practica de novas habilidades. Esta integración de habilidades nas nosas leccións e vital para promover situacións comunicativas, e motivante para os alumnos e da un compoñente de realismo ás leccións. É moi importante seguir unha secuencia na que a recepción e previa a produción, deste xeito daremos prioridade a escoitar sobre falar e a ler sobre escribir. Non nos debemos esquecer do feito de que estamos tratando cunha lingua estranxeira e para acadar un coñecemento total desta lingua non debemos esquecer en ningún momento o compoñente cultural implícito na propia lingua. No referente ao Inglés como lingua estranxeira debemos de introducir nas nosas leccións aspectos básicos referentes a cultura e estilos de vida propios dos diferentes países de fala Inglesa, deste xeito os nosos alumnos serán conscientes de diferentes tipos de comportamentos en diferentes culturas e desenvolverán conciencia intercultural o que diminuirá o risco de intolerancia.

En todo o proceso de ensino-aprendizaxe debemos de ter en conta os intereses e necesidades dos alumnos/as e propoñerlles diferentes tipos de actividades e materiais incluíndo xogos, cancións, TICs… tamén deberemos de ter en conta que os nenos/as:

- Aprenden a través de actividades
- Abúrrense cando non senten que progresan
- Están interesados nas súas experiencias persoais
- Poden aprender e entender diferentes culturas a través do Inglés

**2. Xustificación**

2.1. Lexislación vixente

A hora de realizar esta programación tivéronse en conta as seguintes leis educativas:

- Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa 8/2013, 9 de Decembro (LOMCE)
- Real Decreto 126/2014 do 28 de Febreiro que establece o currículo de Educación Primaria a nivel nacional.

- Decreto 105/2014 do 4 de Setembro que establece o currículo de Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.

Esta programación só afecta aos cursos de segundo, cuarto e sexto de Educación Primaria, sendo os qeu se ven afectados pola lexislación anteriormente citada.

Seguindo este marco legal programaremos seguindo tres niveis de concreción curricular:

1- O currículo oficial: que integra obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía didáctica, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Este currículo foi desenvolto en Galicia tendo en conta o mencionado Decreto 105/2014 do 4 de Setembro.
2- Proxecto educativo: debemos considerar a área de linguas estranxeiras como parte integral do proceso educativo en Educación Primaria. Desde a nosa área debemos contribuír a adquisición dunha serie de habilidades e atitudes o final da etapa de Educación Primaria.
3- A programación: Está formada por diferentes unidades didácticas deseñadas polo mestre para un curso específico, tendo en consideración as características dos alumnos. A programación constitúe o nivel de concreción mais especifico.

A lexislación previamente mencionada constitúe a base para desenvolver esta programación, pero debemos de ser conscientes da existencia dunha lexislación mais ampla e especifica para diferentes aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe, que serán mencionadas nos diferentes apartados desta programación.

2.2. Contexto

2.1 Situación Xeográfica:

O C.E.I.P "Alfredo Brañas" está ubicado na localidade de Paiosaco, a uns 700 m. do núcleo urbano, na parroquia de Lestón, concello de A Laracha. San Martiño de Lestón é unha parroquia que se localiza no norte do concello coruñés da Laracha na comarca de Bergantiños. A poboación aproximada da parroquia e duns 1400 habitantes. A poboación da zona ten unha

calidade de vida en xeral boa, agás algúns casos con problemáticas socio-familiares que repercuten nos nenos asistentes ao centro. O nivel cultural das familias é medio e as linguas empregadas son o galego e o castelán, sendo o galego o maioritariamente usado.

O Centro, desde a rezonificación de maio de 2010, abrangue os seguintes concellos, parroquias e lugares:

- Concello de A Laracha:

. Lestón: Paiosaco, Lestón, A Torre, Porta Santa, Grela, Rañeiras, Igresario, Fofelle, Centulle, Barreira e Aveneira.

. Erboedo: Vilar, Fontenla, Sampaio, Reirís, Barreira, Igresario.

. Coiro: Os Muiños, Merelle, Vilar, Matosa, Toural, Maseo, Medoña, Penso, Pedra, Lamalonga, Meneiros, Coto, Fornos.

. Lugar de Revirente, parroquia de Soandres

- Concello de Arteixo:

. Monteagudo: Freón, A Cachada

2.2 Obxectivos xerais do centro:

_ Garantir unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

_ Promover no alumnado as relacións interpersoais cos compañeiros e cos adultos do seu contorno escolar e social.

_ Continuar e sensibilizar ao alumnado no respecto do medio ambiente, empezando polo máis próximo: aula e patio escolar.

_ Promover hábitos saudables no consumo.

_ Fomentar entre a comunidade educativa o uso das TIC.

_ Acadar o dominio das dúas linguas oficiais: Galego e Castelán.

_ Favorecer na nosa comunidade educativa a atención á diversidade.

_ Difundir e aproveitar os recursos do Departamento de Orientación.

_ Considerar a biblioteca escolar como unha mediateca que centralice os recursos multimedia e como recurso para a dinamización lectora e a alfabetización informacional.

_ Impulsar a coordinación entre os diferentes cursos.

_ Potenciar o coñecemento da LOMCE e a normativa que a desenvolve entre toda a comunidade educativa.

_ Apoiar ao profesorado que quere ampliar a súa formación, facilitándolle a asistencia a cursiños, seminarios, grupos de traballo...

_ Impulsar proxectos globais integrados para todo o centro.

_ Fomentar a participación en actividades deportivas, incidindo na non competitividade, e inculcarlles que o importante e participar.

_ Animar e favorecer actividades lúdicas, participando en todas as celebracións que se realicen ao longo do curso escolar.

_ Intentar mellorar a colaboración entre pais e mestres para que redunde nunha mellor educacion para os seus fillos.

_ Dar información aos pais a través da reunión xeral, como das restantes reunións cos titores nas entrevistas persoais ao longo do curso.

_ Posibilitar aos pais que realicen actividades extraescolares, a través da ANPA, poñendo á súa disposición as instalacións do Centro.

_ Solicitar a colaboración do Concello, para que intente subsanar todas as deficiencias nas instalacións do Centro.

_ Seguir colaborando co Concello para facer, na medida do posible, actividades culturais e deportivas.

_ Seguir solicitando á Delegación o material que se necesite no Centro.

2.3 O centro:

O C.E.I.P “Alfredo Brañas” está situado na rúa Porta Santa nº 19- Paiosaco –Lestón - A Laracha 15145 - A Coruña. Teléfono e fax: 981 605 604

E-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es

Páxina web: http://www.edu.xunta.es/centros/ceipalfredobranas

2.3.1 Recursos organizativos:

A estrutura organizativa do centro, en canto a Órganos de Goberno e outros Órganos e Equipos e as súas funcións, son todas as sinaladas na lexislación vixente.

O **horario** lectivo nos meses de setembro e xuño é o seguinte:

HORARIO DE SETEMBRO A XUÑO

· 1ª sesión: 9.10- 10.00

· 2ª sesión: 10.00- 10.50

· 3ª sesión: 10.50- 11.40

· RECREO: 11.40- 12.10

· 4ª sesión: 12.10- 13.20

· 5ª sesión: 13.20- 14.10

O **horario** non lectivo é o seguinte:

Todo o profesorado permanecerá no colexio, os luns pola tarde entre as 15:30 e as 18:30. De 15:30 a 16:30, o profesorado reunirase coas familias, previa concertación de cita, quedando as outras horas para facer as reunións de traballo. A fin de facilitar a asistencia dos representantes dos pais/nais aos Consellos Escolares e por petición dos mesmos procurarse celebrar as reunións do consello a primeira hora da tarde dos luns polo que , por necesidades organizativas, os/as mestres/as representantes do profesorado no consello escolar non citarán nin realizaran entrevistas coas familias cando haxa convocada sesión do Consello. Nos demais días da semana, de martes a xoves, haberá no centro, polas tardes, unha representación oficial do Centro. Tamén se mencionan neste apartado os horarios de garda de transporte que son entre 8:55 e 9:10 cando o transporte chega ó centro, e de 14:10 ata a saída do transporte.

2.3.2 Instalacións:

O C.E.I.P "Alfredo Brañas" consta de dous edificios. No edificio 1, ademais da conserxería, a dirección, a secretaría, departamento de Orientación, a sala de profesorado,o comedor e o

almacén, quedan as tres aulas de E. Infantil, a sala de Informática, a Biblioteca e a nova aula de usos múltiples ademais dos baños para mestres e alumnos.

No edificio 2, están todas as aulas de Primaria, aula de PT, aula de AL, idioma estranxeiro e a aula de Música e Psicomotricidade, xunto con baños para mestres e alumnos.

Tamén mencionaremos outras instalacións como o pavillón polideportivo dentro do propio recinto do centro, lugar habilitado para aparcamento do persoal docente, patio, parque de xogo infantil e campo de fútbol.

2.3.3 Materiais do centro:

Nas aulas do centro podemos atopar o material habitual nas aulas dos colexios de Educación Infantil e Primaria. Material funxible, libros de texto, mobiliario...

As aulas de Primaria contan con canon proxector e encerado dixital ao igual que as aulas de Educación Infantil. O uso de TICs é moi común e está en auxe entre o profesorado do centro. O centro tamén conta con ordenadores na aula de informática e tablets para poder ser utilizadas polos alumnos.

2.3.4 Oferta educativa:

No C.E.I.P “Alfredo Brañas” impártese Educación Infantil e Educación Primaria Obrigatoria. E un colexio de liña 1 distribuído do seguinte xeito:

O número de unidades coas que conta o centro e o seguinte:

- Educación Infantil: 3 unidades
- Educación Primaria: 6 unidades

2.4 Alumnado:

O alumnado que acude ao centro procede das zonas de influencia do C.E.I.P “Alfredo Brañas” Paiosaco e arredores e desprázanse acompañados polos pais ou outros familiares ou ben en transporte escolar variando as distancias. O alumnado procedente doutros países é escaso e en ningún dos casos supoñen problemas de integración no centro.

Alumnos distribuídos do seguinte xeito:

Educación Infantil:

- 3 anos: 18 alumnos/as
- 4 anos: 13 alumnos/as
- 5 anos: 17 alumnos/as

Educación Primaria:

- 1º curso: 10 alumnos/as
- 2º curso: 19 alumnos/as
- 3º curso: 15 alumnos/as
- 4º curso: 15 alumnos/as
- 5º curso: 22 alumnos/as
- 6º curso: 18 alumnos/as

2.3. Competencias clave

As Competencias Clave refírense a unha combinación de habilidades practicas, coñecemento, motivación, valores, atitudes… que seguindo as recomendacións da Unión Europea calquera cidadán Europeo debería desenvolver para deste xeito acadar, relacionar e aplicar os coñecementos necesarios en diferentes contextos. En outros termos podemos falar acerca das competencias clave como a capacidade para aplicar dun xeito integrado os contidos de cada área e nivel e así resolver correctamente as actividades e problemas complexos.

As competencias clave no curriculum en Educación Primaria para o segundo, cuarto e sexto cursos son as seguintes:

- **Competencia na comunicación lingüística**

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura como o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos, interese cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, sociocultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

- **Competencia matemática e competencias básicas na ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, a álxebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable nel. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan, de

conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

- **Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente en torno a elas. Por outra parte, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborador, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

- **Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento se converten en obxecto do coñecemento e se ha de aprender a executalos axeitadamente.

As actitudes e valores clave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

- **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintos ámbitos e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns dende unha actitude solidaria e responsable.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa, o autocoñecemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

- **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de desfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola conservación do patrimonio.

**3. Obxectivos xerais para educación primaria**

A finalidade da educación primaria é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno

desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) **Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia**, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) **Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo**, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) **Adquirir habilidades** para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas** e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) **Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá,** e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) **Adquirir** en, polo menos, **unha lingua estranxeira** a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) **Desenvolver as competencias matemáticas** básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) **Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza**, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) **Iniciarse na utilización**, para a aprendizaxe, **das tecnoloxías da información** e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) **Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas** e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) **Valorar a hixiene e a saúde**, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) **Coñecer e valorar os animais** máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) **Desenvolver as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) **Fomentar a educación viaria** e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) **Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia**, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 4. Contidos

**<u>2º Educacion Primaria</u>**

Os contidos que conforman esta materia e este curso, agrupáronse en: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Estes catro bloques, relacionados cos dos centros de atención específicos: a linguaxe oral a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

- Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Iniciación, mediante xogos e adiviñanzas, á formulación de hipótese sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.
- Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).
- Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos para-verbais.
- Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.
- Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.
- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.

- Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces

*Execución:*

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos.
- Usar a linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
- Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatizacións, etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).

- Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.
- Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas, etc.
- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.

- Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler (páx. e., como adoitan ser os personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...).
- Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.
- Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.

B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

- Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que represen- tan expresións orais coñecidas.

- Bloque 4. Produción de textos escritos

B4.1. Estratexias de produción:

*Planificación:*

- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral.

*Execución:*

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos.
- Seleccionar e empregar o léxico axeitado ao tema.
- Iniciarse no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelas.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

- Uso dos signos de puntuación máis básicos.
- Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

▪ Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.
- Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.
- Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais.
- Expresión do acordo ou desacordo.
- Descrición de persoas e obxectos.
- Petición e ofrecemento da información, axuda, obxectos, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

4. Estruturas sintáctico-discursivas:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and*).
- Afirmación (affirmative sentences; *Yes* (+ tag))

Exclamación (*How* + Adj., e. g. *How nice*!; exclamatory sentences, e. g. *I love salad!)*

- Negación (negative sentences with *not*), *no* (Adj.),*No* (+ negative tag)).
- Interrogación (*Wh* question, *how many…*).
- Expresión do tempo: presente (simple present); futuro (*going to*).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses)., durativo (present and past continuous).
- Expresión da modalidade: capacidade (*can*); obrigación (*have* (*got*) *to*; imperative); permiso (*can*) intención (*going to*).
- Expresión da existencia (*there is/are*); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives) ; a cualidade((very +) Adj.).
- Expresión da cantidade (singular/plural;cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digit. Quantity: *many*, *some*, (*a) little, more.* Degree*: very).*
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position) *Here,there, on, in,under*.
- Expresión do tempo divisions (e. g.,*summer*).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. *slowly, well*).

5. Léxico oral de alta frecuencia (produción) relativo á identificación persoal, xénero, partes do corpo; prendas de vestir; familia e amigos; o colexio e a clase, mascotas e outros animais; actividades da vida cotiá; a casa, dependencias e obxectos; xogo; clima e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

6. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

**4º Educacion Primaria**

- Bloque 1. Comprensión de textos orais

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.
- Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.
- Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases…) e non verbais (expresión facial, xestos...).
- Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións)de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.

B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.

- Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.
- Execución:

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
- Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.
- Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
- Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.
- Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.
- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:

- Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.
- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).
- Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entonación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical..

- Bloque 3. Comprensión de textos escritos

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.
- Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.
- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.
- Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula…
- Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.
- Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.
- Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).

B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.

-Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.

- Bloque 4. Produción de textos escritos

B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións …
- Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.
- Execución:
- Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.
- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.
- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.
- Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.
- Reelaborar informacións en ficheiros, libriños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.
- Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.
- Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.
- Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).
- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:

- Uso dos signos de puntuación máis básicos.

- Uso de símbolos de uso frecuente: €, £.
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

- Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.
- Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.
- Descrición das rutinas diarias.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...

- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
- Descrición de persoas, plantas e animais.
- Expresión básica de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
- Expresión de instrucións.
- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:

- Saúdos, agradecemento, despedidas... (Hi, See you, How are you? I´m fine, thanks…).
- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais, como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What’s your name?,My name is, How old are you?, I’m, I´m (bored), What´s your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What´s his/her favourite (subjectt)? His/her favourite (subject) is...).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.
- Expresión da información (I´ve/I haven´t got (English) on (Friday), Have you got (PE) on (Tuesday), Yes, I´ve/No I haven´t).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico e a hora (What time is it ?, It´s (Half) past (one)...).
- Descrición das rutinas diarias (I (get up) (at eight o clock) on (Monday)).

- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 100.
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It´s (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos ou persoas (How many… are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don´t).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don´t like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can; No I can´t).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can´t (play the trumpet).
- Identificación das pezas de roupa (I´m wearing, he/she´s wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What´s she/he wearing?, Who´s wearing (shoes)?).
- Expresión de desexos (I want to (make a cake).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
- Expresión de instrucións (Touch your (legs), Listen, please…).
- Realización de preguntas e respostas curtas (What´s this?, It´s…).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e recepción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas (euros, cents, pounds, pence), estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións

(rutina diaria...), instrumentos musicais, materiais, animais, partes do corpo e da cara e partes da casa.

<u>6º Educacion Primaria</u>

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

- B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Concibir a mensaxe con claridade e practicala varias veces, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Iniciarse na adecuación do texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando a estrutura de discurso adecuados a cada caso.
- Execución:
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais.

**Lingüísticos**

- Modificar palabras de significado parecido.
- Definir ou parafrasear un termo ou expresión.

**Paralingüísticos e paratextuais**

- Pedir axuda.
- Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.
- Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica).
- Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.

B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas.

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

B3.3. Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

B3.4. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.

- **Bloque 4. Produción de textos escritos**

B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
- Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).

- Execución:
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).

B4.2 Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.

- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.

B5.2. Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas,agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest).
- Relaciones temporais (when; before; after).
- Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).
- Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).

- Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).
- Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).
- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
- Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence (first…then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo;

compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.

**5. Programacion das unidades**

**2º Educacion Primaria**

| **UNIDADE** | **Aprox. Nº Sesións** | **Aprox. Planificación do tempo (50 mins por sesión)** |
|---|---|---|
| Review | 4 | 3 horas |
| Unit 1 | 9 | 8 horas 45 min |
| Unit 2 | 10 | 9 horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 3 | 9 | 8 horas 45 min |
| Unit 4 | 10 | 9 horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 5 | 9 | 8 horas 45 min |
| Unit 6 | 10 | 9 horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |

| | | |
|---|---|---|
| Culture, Festivals | 4 | 3 horas |
| **TOTAL** | e.g approx 74 | 66 horas |

4º Educacion Primaria

| **UNIDADE** | **Aprox. Nº Sesións** | **Aprox. Planificación do tempo (50 mins por sesión)** |
|---|---|---|
| Revision | 5 | 3 horas 45 min |
| Unit 1 | 13 | 10 horas |
| Unit 2 | 11 | 9horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 3 | 13 | 10 horas |
| Unit 4 | 11 | 9horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 5 | 13 | 10 horas |
| 6 Unit 6 | 11 | 9horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Cultural, festivals | 10 | 8 horas |
| **TOTAL** | e.g approx 93 | 75 horas |

**6º Educacion Primaria**

| UNIDADE | Aprox. Nº Sesións | Aprox. Planificación do tempo<br>(50 mins por sesión) |
|---|---|---|
| Revision | 6 | 3horas 45 min |
| Unit 1 | 12 | 10horas |
| Unit 2 | 12 | 10horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 3 | 12 | 10horas |
| Unit 4 | 12 | 10horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Unit 5 | 12 | 10horas |
| Unit 6 | 12 | 10horas |
| *Revision* | 2 | 2-4 horas |
| Cukltural, festivals | 10 | 7 horas y 30min |
| **TOTAL** | e.g approx 94 | 72 horas 15 min |

**6. Metodoloxia**

Cada unidade didáctica foi deseñada tendo en conta os principios dunha metodoloxía comunicativa. Esta metodoloxía será ecléctica, formativa e motivadora. Como punto de partida teranse en conta as necesidades e experiencias dos alumnos así como os seus coñecementos previos, fomentando o uso da lingua en situacións comunicativas reais o que se denomina como uso contextualizado da lingua, feito que promove unha aprendizaxe significativa.

Unha relación positiva entre o mestre e o alumnado é fundamental para que esta aprendizaxe significativo ocorra, deste xeito os alumnos/as poderán usar a linguaxe adquirida en situacións reais, o que e esencia para que o Inglés se poida usar como unha ferramenta de socialización.
Sempre teremos en conta o seu nivel e os seus coñecementos previos, adaptando os contidos curriculares as súas necesidades e características, así como aos seus diferentes ritmos de aprendizaxe, proporcionándolles situacións de aprendizaxe significativas e fomentando as iteracións na clase entre alumnos e mestre, é importante a mención dos xogos como un recurso altamente eficiente para motivar aos alumnos a aprender Inglés.
Combinaremos a aprendizaxe tradicional con traballo dos contidos de xeito informatizado, familiarizando ao noso alumnado co manexo dos ordenadores, o emprego da aula virtual e, no caso de 6º de primaria, co emprego da aplicación Edixgal.
Tendo en conta os obxectivos principais reflectidos no Curriculum para Inglés como lingua estranxeira estruturaremos a nosa metodoloxía arredor dos cinco bloques de contidos:

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

Debemos de ter en conta como punto de partida os coñecementos previos dos alumnado para pouco a pouco proceder a introdución de novos temas e vocabulario. A comprensión de textos orais comeza con actividades simples que serán respaldadas con diferentes tipos de reforzo: visual, mímica, linguaxe corporal… Tamén é importante proporcionarlles aos alumnos diferentes contextos comunicativos para que así sexan conscientes do uso da lingua en relación co contexto en donde sucede. Para lograr estes obxectivos e esencia o uso das TIC

- **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

Trataremos as habilidades produtivas básicas para proporcionarlles ao alumnado as ferramentas necesarias para participar en situacións comunicativas reais ou simuladas. A través de actividades sinxelas como actividades de rol ou actividades que simulen situación reais, podemos tomar como punto de partida actividades moi sinxelas como descricións propias para pouco a pouco pasar a actividades mais complexas, como explicacións de ideas…

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

Na Educación Primaria e tendo en conta o Plan Lector debemos de motivar aos alumnos para a lectura, deste xeito entenderana como algo motivante e divertido. Usaremos textos sinxelos e/ou literatura adaptada para as súas idades. A nosa función e proporcionarlles as habilidades que necesitan para o futuro para poder comprender textos mais complexos.

- **Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción**

Tomaremos como punto de partida a consolidación das habilidades orais, as cales están directamente relacionadas a estas habilidades produtivas, o obxectivo principal será a produción de textos sinxelos acerca de diferentes temas e en diferentes contextos usando progresivamente unha linguaxe mais coherente e cohesionada.

- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

O feito de aprender unha lingua estranxeira implica coñecer a súa cultura e aprender dela. Para que os alumnos desenvolvan conciencia cultural, presentarémoslles diferentes feitos dos países de fala Inglesa tales como estilo de vida, estilos alimenticios, tradicións, música, detalles históricos e xeograficos… Deste xeito os alumnos teran un coñecemento claro da cultura propia da lingua inglesa para asi poder usala apropiadamente en diferentes situacións e contextos.

*Estratexias de aprendizaxe:*Usaremos técnicas baseadas nunha metodoloxía comunicativa, para así promover a competencia comunicativa nos nosos alumnos. Na etapa de Educación Primaria usaremos principalmente:

- Estratexias de comprensión, as cales inclúen procesos de observación, dedución do significado polo contexto ou predición do que ven a continuación.
- Estratexias de produción, as cales axudan aos estudantes a expresar mensaxes correctas e comprensibles.
- Estratexias organizativas, as cales axudan aos estudantes a consolidar a aprendizaxe.

- Estratexias de auto-evaluacion para que os alumnos poidan ser conscientes da evolución e progreso do seu proceso de aprendizaxe.

6.1. Actividades

- Cancións e vídeos: Supoñen un excelente recurso, especialmente si usamos cancións e vídeos tomados da propia cultura da lingua Inglesa, este tipo de actividades proporcionan unha fonte excelente de material audiovisual o cal transporta aos alumnos a cultura da lingua Inglesa preparándoos deste xeito para comunicarse naturalmente.
- Simulacións e xogos de rol: nestes xogos de rol os estudantes actúan representando a un personaxe imaxinario dentro dunha situación real ou hipotética. Esta probado que o uso destas simulacións e xogos de rol ten amplas vantaxes para os alumnos, como por exemplo, que dan vida real a clase aumentando deste xeito a motivación dos alumnos para usar a lingua.
- Xogos: teñen un valor educativo moi alto cando se usan para aprender unha lingua estranxeira, do mesmo xeito son un importante elemento socializador.
- Resolución de problemas: os alumnos/as deben de obter información e discutir esa información co obxectivo de resolver un problema
- Proxectos: Os alumnos/as traballaran en pequenos grupos, habitualmente o final de cada unidade para deste xeito consolidar o aprendizaxe e así promover a iniciativa persoal e espírito emprendedor.
- "WebQuests": Para este tipo de actividades usaremos ordenadores e internet para favorecer e promover o uso da lingua e das TIC
- Actividades tipo "Information Gap": Son un tipo de actividades nas que un alumno posúe unha información desconocida polo resto de alumnos, que debera compartir para poder completar unha tarefa.
- Tarefas a realizar na aula virtual (visionado de contos, listenings, xogos, ficheiros de exercicios…)

6.2. Recursos

Usaremos os recursos cos que contamos nas aula durante cada sesión, podemos mencionar entre outros recursos tales como: follas de traballo, libros para a lectura, dicionarios, o encerado, proxector, pdi (nas aulas que o teñan)… Merecen especial atención a biblioteca de aula e a biblioteca do colexio para promover hábitos de lectura, seguindo os principios reflectidos no Proxecto Lector. Tamén merece especial atención o uso das aulas de informática e outras TIC como por exemplo internet, DVD, tablets… tamén consideraremos neste apartado como recursos as zonas comúns do colexio, e dicir, o pavillón polideportivo, os xardíns, patio de recreo…

6.3. Organización do espazo e tempo

O alumnado non terá sitios fixos e promoveremos actividades de parella ou grupais. En todo caso manteremos unha disposición das mesas e cadeiras que nos permita a realización de xogos dentro da aula.

No que se refire á organización do tempo, nos segundo curso de Educación Primaria, dedícanse dúas horas semanais á primeira lingua estranxeira, neste caso o inglés. A partir de este segundo nivel incrementase o tempo a tres horas semanas para o 4º e 6º niveis. As sesións están preparadas para poñerse en practica en 50 minutos, o que implica que as tarefas propostas deben estar coidadosamente pensadas e preparadas para que os alumnos poidan finalizalas dentro deste período de tempo. Tamén e importante o establecemento de rutinas dende o principio do curso, o que nos permitirá aforrar tempo durante as sesións e aumentar o grado de autonomía dos alumnos.

6.4. Plans e proxectos

Tendo en conta a lexislación vixente teremos en conta unha serie de plans e proxectos a incluír no proxecto educativo. “Reading Project”:

- Proxecto Lector:

- Introdución: Dende o área de Inglés como primeira lingua estranxeira afrontaremos o proxecto lector en estreita relación co proxecto linguistico “Linguistic Project” que fai referencia o fomento do uso do inglés dende diferentes puntos de vista.O obxectivo principal deste proxecto

lector e a adquisición por parte dos alumnos da competencia básica da lectura. Potenciarase o uso das bibliotecas (biblioteca escolar e biblioteca de aula) as cales contan cun amplo rango de materiais para a lectura en inglés tanto en formato tradicional como en formato dixital.

- Recursos: O colexio conta con unha biblioteca na que podemos atopar unha sección dedicada á lingua Inglesa. Nesta sección contamos con libros creados con fins didácticos específicos e con libros propios da literatura tradicional Inglesa, sen un fin didáctico especifico ("authentic materials"). A biblioteca conta tamén con unha serie de recursos dixitais axeitados para a lectura incluíndo ordenadores, proxector e encerado interactivo. No que se refire a biblioteca de aula os alumnos poden dispoñer libremente do amplo catalogo de libros dispoñibles na zona de lectura "Reading corner" onde hai libros con fins didácticos, libros propios da literatura inglesa, diccionarios… Neste apartado de recursos tamén e importante citar a aula de informática a cal dispón dos recursos dixitais necesarios para a lectura

- Obxectivos:

. Desenvolver o habido e gusto pola lectura nun idioma estranxeiro

. Mellorar a capacidade lectora en Inglés

. Mellorar a fluidez lectora en Inglés

. Corrixir e mellorar dificultades lectora en inglés

. Fomentar o uso da biblioteca de aula e a biblioteca escolar

. Familiarizarse coa literatura en lingua Inglesa

- Proxecto lector dentro dos contidos específicos de inglés:

Dentro deste apartado citaremos os catro bloques de contidos para Inglés como lingua estranxeira na Educación Primaria:

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

O proxecto lector esta directamente relacionado co bloque 3, referido a comprensión de textos escritos, de ahí a súa importancia didáctica no curso. Tamén axuda a mellorar o coñecemento da lingua e a conciencia intercultural (bloque 5). De maneira indirecta podemos relacionar o proxecto lector co resto de bloques de contidos xa que a lectura contribúe claramente a comprensión de textos orais así como a a produción de textos orais e escritos.

- Secuencia de actividades:

En toda a etapa ademais das lecturas propias das sesións de Inglés contaremos ca "hora de ler" detallada no apartado "Actividades".

1º. Seguiremos realizando lecturas grupais en formato "vídeo contos" breves e guiadas polo mestre alternando con brevísimas lecturas adaptadas a estas edades e preferiblemente en formato cómic con ilustracións que facilitan a comprensión por parte dos alumnos.

2º. As lecturas continuaran a ser en grupos e baseadas en fragmentos en formato de cómic ou con ilustracións, seguiremos utilizando preferiblemente as historias do libro de texto, adaptadas, o mestre actuara como guía pero progresivamente os alumnos adoptaran protagonismo e autonomía no proceso, lendo pequenos fragmentos en voz alta.

3º. Seguirase usando a lectura grupal como base, utilizando fragmentos de historias preferiblemente ilustradas ou en formato de cómic. Neste curso comezaremos a usar ademais dos textos adaptados fragmentos de libros propios da literatura inglesa, pero preferiblemente versións infantís adaptadas. Realizaremos tanto lecturas grupais como individuais, onde o mestre actuara como guía e recurso.

4º. As lecturas serán cada vez mais individuais e autónomas, seguiranse utilizando preferiblemente textos adaptados, centrarémonos na comprensión de aspectos específicos da historia.

5º. Alternaremos os textos adaptados con breves fragmentos de textos "reais" como por exemplo, o menú dun restaurante, un billete de tren, un ticket de compra… as lecturas serán principalmente individuais e teranse en conta aspectos de comprensión referidos a aspectos específicos do texto.

6º. Realizaranse lecturas de libros ao longo do curso, de maneira fragmentada, principalmente literatura infantil adaptada e fragmentos cada vez maiores de textos “reais”. Centrarémonos cada vez mais na lectura individual e valorarase a comprensión individual de aspectos específicos e aspectos xerais do texto, esenciais para mellorar a capacidade de sínteses por parte do alumno

- Proxecto lingüístico: fai referencia o uso das linguas nas diferentes áreas, medidas de reforzo, propostas para favorecer o uso da lingua, sección bilingües... no colexio cabe mencionar o proxecto de dinamización da lingua galega que fomenta o uso desta lingua en diferentes áreas así como introduce aos nenos con aspectos relativos a cultura e literatura en lingua galega.
- Dinamización de TICS: As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) están acadando cada día máis protagonismo na nosa sociedade, influíndo en tódolos ámbitos da nosa vida, polo que se fai necesario incidir no manexo das mesmas dende os centros educativos, favorecendo e facilitando o desenvolvemento dos alumnos/as nos aspectos relacionados coas mesmas. Desta forma, pretendemos que o alumnado adquira as habilidades e autonomía necesarias para aprender a buscar, obter, seleccionar, procesar e comunicar información, como parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe e adquisición de novos coñecementos.

6.5. Actividades extracurriculares

CONMEMORACIÓNS

Neste apartado están incluídas as actividades de obrigada conmemoración que figuran no calendario escolar deste curso, a celebración das festas tradicionais vinculadas co contexto sociocultural desta localidade e outras conmemoracións pedagoxicamente xustificadas.

VISITAS

Realizaranse aquelas que se consideren de interese cultural e/ou pedagóxico

PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN IDADE

ESCOLAR

Carreira Solidaria a beneficio da ONG “SAVE THE CHILDREN”, que se celebrará no centro. Na actividade participan todos os nenos do centro dun xeito voluntario e sen ánimo de fomentar a competitividade senón a solidariedade cos máis desfavorecidos.

6.6. Contidos Interdisciplinares:

A través deste tipo de contidos os alumnos poden relacionar os coñecementos adquiridos en diferentes áreas, este feito reforza o coñecemento en xeral e tamén favorece a aprendizaxe significativa. En xeral hai habilidades e temas como por exemplo a comprensión lectora, a produción escrita, a integración das TIC, educación moral e civica… que deben de ser tomadas en consideración en todas as áreas, por suposto incluíndo o área de Inglés como lingua estranxeira. Nesta área e importante mencionar que as tendencias actuais referidas a metodoloxía suxiren o aprendizaxe dunha lingua estranxeira a través de diferentes áreas que relacionen a aprendizaxe con situacións de comunicación real. Tendo isto en consideración, na área de lingua estranxeira Inglés, traballaremos temas relacionados con outras áreas como por exemplo matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais... Un bo exemplo seria unha unidade onde os alumnos/as aprenden vocabulario relativo os animais, nesta unidade transferirán e reforzaran coñecementos dunha área a outra.

## 7. Educación en valores

A educación en valores debe de ser parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe, en cada unidade aspectos relacionados con educación civica e moral, educación para a paz… serán incluídos. Isto pode facerse de diferentes formas, por exemplo, o tema en si pode estar relacionado con este tipo de aspectos, ou actividades que promoven o desenvolvemento de de valores serán incluídos nas unidades didácticas. Os seguintes valores a traballar merecen unha atención especial:

- Igualdade de oportunidades e non discriminación para os discapacitados: faranse adaptacións curriculares se fora necesario para facilitar a inclusión de cada alumno independentemente das súas posibles discapacidades. Os alumnos deberán aprender que cada persoa e diferente e deberán respectar e aceptar as diferenzas entre eles.

- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero: os alumnos deben de ser motivados para adoptar este tipo de hábitos de respecto entre os sexos.

- Educación para a paz: en todas as áreas debemos promover hábitos relacionados coa resolución de problemas de maneira pacifica. Este tipo de educación para a paz esta estreitamente relacionada coa vida socia e en familia, prevención da violencia, terrorismo, racismo ou xenofobia… valores de tolerancia, solidariedade e respecto pola diversidade.

- Educación moral e cívica: os alumnos deben entender que a realidade da nosa sociedade require unha serie de normas que deben de ser adoptadas para facilitar a convivencia. Isto debe de ser promovido en cada sesión con actividades en grupo, debates, e respecto por diferentes opinións.

- Desenvolvemento e protección dun medio ambiente sostible: Os alumnos deben de ser conscientes do risco implícito en algunhas actividades humanas como por exemplo a deforestación, a sobrepoboación…. E adoptar medidas para previr as fatais consecuencias como por exemplo: reciclar, respectar o medio ambente…

- Desenvolvemento e consolidación de iniciativa persoal e espírito emprendedor: Diversas medidas deben de ser tidas en consideración para así consolidar este tipo de actitudes. Actividades que favorezan a creatividade a innovación a iniciativa persoal ou a confianza en si mesmos e traballo en equipo.

- Educación e seguridade vial: Os alumnos deberán ser conscientes da importancia que supón unha boa coexistencia nas rúas e estradas, deste xeito evitaranse accidentes e actitudes incorrectas cando sexamos peóns ou mesmo condutores usando unha bicicleta por exemplo. Os alumnos deberán ter un coñecemento básico acerca dos sinais de trafico.

**8. Atención á diversidade e alumnos con necesidades educativas especiais**

8.1 Atención a diversidade: O Plan de Atención á Diversidade foi elaborado polo Departamento de Orientación e foi aprobado polo Consello Escolar do CEIP "Alfredo Brañas" de A Laracha.

Este Plan considérase un conxunto de medidas e accións que teñen como fin axeitar a resposta educativa ás peculiaridades de todo o alumnado. O Plan Anual de Orientación (PAO) recolle as características do centro, así como os obxectivos e accións prioritarias coa comunidade educativa e que o Plan de Atención á Diversidade (PAD) ten recollidos as xeneralidades da diversidade do centro. Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE) reciben as atencións necesarias por parte das mestras especialistas de PT e AL, partindo dos informes psicopedagóxicos elaborados polo departamento de orientación. Estes alumnos presentan problemas de adaptación e aprendizaxe de diferente tipo: problemas nas técnicas instrumentais básicas, problemas de adaptación social ou escolar, problemas logopédicos, posibles problemas neurolóxicos, trastornos por déficit de atención/hiperactividade... O centro tratará de potenciar a atención ás diferenzas individuais, facilitando a atención e os recursos necesarios a tal fin, dando máis axuda a quen máis o necesite, utilizando métodos e estratexias docentes axeitadas a cada caso concreto.

O mestre titor xoga un papel fundamental á hora de detectar alumnos que poidan presentar dificultades de aprendizaxe, sendo este quen deberá solicitar a intervención precisa para este alumnado. Será a orientadora quen realice a avaliación psicopedagóxica que permita dar unha resposta educativa as necesidades dos alumnos/as, ven sexa un Reforzo Educativo (RE) ou unha Adaptación Curricular Significativa (ACS).

8.2 Alumnos con necesidades educativas especiais:Un dos elementos que máis potenciaba GÁBEA e continúase potenciando con LOMCE é a atención á diversidade. É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos produce efectos diferentes en función dos coñecementos e experiencias previos de cada un deles, as súas capacidades intelectuais, así como os seus intereses e as súas motivacións ante o ensino.

É por esta razón pola que, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe levarse a cabo sempre nos dous sentidos. Por iso, constantemente deberase atender a estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diversa a partir das actividades formuladas no libro do alumno e no caderno. Os profesores

deben calibrar a quen dirixir e propoñer unhas actividades ou outras e deberán ser consciente en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Como mestre especialista en Lingua Estranxeira: Inglés, dentro do día a día na aula teño en conta e sigo as instrucións e pautas emitidas polo departamento de orientación con respecto ao alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.

Con carácter xeral disporase de :

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados como tales.

Cando as adaptacións non son suficientes, temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben como as ofertas en espazos opcionais, ben como actividades deseñadas especialmente para el/ela, que poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

## 9. Avaliación

Teremos en conta para este proceso de avaliación o Decreto 105/2014, do 4 de Setembro (LOMCE) que establece o currículo para a Educación Primaria en Galicia, así como a Orde do 23 de Novembro de 2007 que establece a avaliación na Educación Primaria.

As aprendizaxes do alumno deben ser avaliadas sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridos como para, e por iso, introducir no

proceso educativo cantos cambios sexan precisos se a situación o require (cando as aprendizaxes dos alumnos non responden ao que, a priori, se espera deles).

Se partimos de que as Competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A avaliación por competencias permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da materia, coma o grao de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que perseguimos ao avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da avaliación sumativa, realizada en diferentes momentos do curso e que tendemos a identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando procedan). Haberá outras avaliacións, como a inicial (non cualificada) e a final e, sobre todo, a continua ou formativa, aquela que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Realizarase ademais unha avaliación individualizada a todos os alumnos ao finalizar 3º de primaria na que o alumno deberá demostrar o grao de adquisición das competencias en comunicación lingüística e matemática. Ao finalizar 6º de primaria deberá tamén demostrar o grao de adquisición das Competencias clave, así como o logro dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e constarán nun informe entregado aos pais ou titores e cuxo carácter será informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis axeitados para eles.

Ademais de avaliar a aprendizaxe do alumno, tamén se avalía o proceso de ensino do profesorado, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación das programacións didácticas e os seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguimento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. E os da avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se o alumno non tivese recuperado algunha avaliación, e extraordinaria, no caso de obter unha cualificación de Insuficiente na ordinaria final de curso). En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de xeito que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliables por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia. Respecto á avaliación por competencias, dado que estas son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis, analizalas para lograr que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, e é o que chamamos indicadores. Para a súa referencia, inclúese na seguinte sección o listado completo tanto dos criterios de avaliación coma dos indicadores de Competencias clave.

9.1. Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación son referentes específicos par avaliar o aprendizaxe dos alumnos, describen o que os alumnos deben adquirir en referencia a contidos e competencias en cada área. O criterio usado para medir o progreso dos nosos alumnos será desenvolto tendo en conta os cinco bloques de contidos na área de Inglés como lingua estranxeira. A continuación pasaremos a definir os criterios establecidos para os seis cursos de Educación Primaria:

**2º Educacion Primaria**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con

claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.

- B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.
- B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.
- B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.

Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).
- B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.
- B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.
- B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.
- B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.
- B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.

- B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.

- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.

- B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.

- B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

- B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.  B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.

- B5.6. Comprender e expresar a posesión

- B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.

- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.

- B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.

- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos

- B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.

- B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

- B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.

**<u>4º Educacion Primaria</u>**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.

- B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.

- B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).

- B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.

- B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.

- B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.
- B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. –

B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacions

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.
- B4.4. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.
- B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.
- B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos.
- B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.
- B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo.

- B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.

- B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.

- B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.

- B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.

- B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).

- B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.

- B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.

- B5.13. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).

- B5.14. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses próximos a sua idade

**<u>6º Educacion Primaria</u>**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.

- B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

- B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

- B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.

- B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.

- B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

- B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.

- B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.
- B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.
- B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.
- B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.
- B4.4. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

- B4.5. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
- B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.
- B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
- B5.4. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.
- B5.5. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).
- B5.6. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).

- B5.7. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.
- B5.8. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.
- B5.9. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).
- B5.10. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e", entón", "pero", "porque"), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.
- B5.11. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
- B5.12. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
- B5.13. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…).
- B5.14. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos
- B5.15. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.
- B5.16. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas

9.2. Estandares de aprendizaxe:

A lei educativa vixente e o currículo para Educación Primaria en Galicia da especial importancia a presenza dos estándares de aprendizaxe para levar a cabo o proceso de avaliación en cada nivel. Estes estándares de aprendizaxe concretan os criterios de avaliación e deben de ser observables, medibles e avaliables. Definen o que os alumnos teñen que saber, entender e facer en cada área. Constitúen os diferentes niveis de coñecemento e habilidades (contidos e competencias) establecidos para os alumnos en cada área e nivel. Estes estándares de aprendizaxe establecen o que os alumnos teñen que aprender e como resultado o que o mestre ten que ensinar. E necesario establecer diferentes niveis de adquisición destes estándares. As rubricas son excelentes ferramentas para poder medir este nivel de adquisición.

**2º Educacion Primaria**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
- B1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
- B1.3. Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.
- B1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down…).

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- B2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).

- B2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.

- B2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.

- B2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

- B3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.

- B3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do titulo do mesmo e das imaxes que o ilustran.

- B3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

- B4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.

- B4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.

- B4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).

- B4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas …) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

- B5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.

- B5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.

- B5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me…).

- B5.5.Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado

- B5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.

- B5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.

- B5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.

- B5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.

- B5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.

- B5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades

- B5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións etc.

- B5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored…).

- B5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

- B5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.

- B5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

**<u>4º Educacion Primaria</u>**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.
- B1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual.
- B1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
- B1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.
- B1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- B2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
- B2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
- B2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).
- B2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as
- B2.6. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
- B2.7. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.

- B3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.

- B3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.

- B3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.

- B3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.

- B3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.

- B3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

- B3.8. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.

- B4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.

- B4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).

- B4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).

- B4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.

- B4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.

- B4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.

- B4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.

- B4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.

- B4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.

- B5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.

- B5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.

- B5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.

- B5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas…

- B5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos …).

- B5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.

- B5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

- B5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.

- B5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.

- B5.11. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

- B5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

**6º Educacion Primaria**

. Bloque 1. Comprensión de textos orais

- B1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).
- B1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).
- B1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
- B1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).
- B1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
- B1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
- B1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos, etc)

. Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

- B2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle

interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión)usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible

. Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- B3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.
- B3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.
- B3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.
- B3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).
- B3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas
e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
- B3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, ₤).

. Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.)
- B4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

. Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

- B5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.
- B5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).
- B5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).
- B5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.

9.3 Elementos de avaliación. Concreción por cursos

**2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

## Bloque 1. Comprensión de textos orais

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B1.1.Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión. | PLEB1.1.Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | **CL** | CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br><br>CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais. |
| B1.2.Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao | PLEB1.2.Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | **CL** | CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| comportamento na aula. | | | |
| B1.3.Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares. | PLEB1.3.Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | CL<br><br>AA | CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.<br><br>AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. |
| B1.4.Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos. | PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (*Open/close the book, sit down…*). | CL | CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticosdo contexto. |

## Bloque 2. Produción de textos orais: Expresión e interacción

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B2.1.Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (*and/or*). | PLEB2.1.Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CL | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B2.2.Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas. | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos). | CL | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| | PLEB2.3.Amosa unha actitude de escoita atenta. | CL<br><br>SC | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas. |
| B2.3.Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso | PLEB2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.ex. cancións, | CL | CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| diario. | rimas) aprendidos a través de xogos. | **SC** | paralingüísticos apropiados.<br>CL2.2. Recita toadas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.<br>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. |
| | PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira | | |

## Bloque 3. Comprensión de textos escritos

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B3.1.Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual. | PLEB3.1.Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | **CL** | CL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.<br>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. |
| B3.2.Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto. | PLEB3.2.Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | **CL** | CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese. |
| B3.3.Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.3.Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. | **CL**<br>**AA** | CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.<br>AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais. |
| B3.4.Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas. | PLEB3.4.Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles. | **CL**<br>**AA** | CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.<br>AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais. |

## Bloque 4. Produción de textos escritos

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B4.1.Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1.Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | CL | CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica. |
| B4.2.Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2.Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | CL | CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. |
| B4.3.Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | PLEB4.3.Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura. | CL | CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica. |
| | PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...) | | |
| | PLEB4.5.Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | CL<br><br>AA | CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.<br><br>AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais. |

## Bloque 5. Coñecemento da linguae conciencia intercultural

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B5.1.Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos | PLEB5.1.Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas…) e | SC | SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. | compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao d. | | |
| B5.2.Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo. | PLEB5.2.Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social. | **CL**<br>**SC** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br>SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas. |
| B5.3.Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente. | PLEB5.3.Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. | **CL**<br>**SIEE** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br>SIEE1. Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira. |
| B5.4.Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula. | PLEB5.4.Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (*Please, thank you, excuse me…*).. | **CL**<br>**SC** | CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.<br>SC2. Valora a linguaestranxeira como instrumento de comunicación con outraspersoas. |
| B5.5.Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor. | PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.6.Comprender e expresar a posesión. | PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.7.Expresar e identificar os seus gustos. | PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (*you cant/can´t*), o acordo (*That'sright*). | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.8.Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu | PLEB5.8.Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| nivel. | | | |
| B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.9.Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos. | **CL** | CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese. |
| B5.10.Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e, ou", adecuándoas aos propósitos comunicativos. | PLEB5.10.Diferenza preguntas e respostas moi simples. | **CL** | CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais. |
| B5.11.Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado. | PLEB5.11.Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.. | **CL**<br>**SC** | CL2.3. Participa en representacións sinxelas.<br>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. |
| B5.12.Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | PLEB5.12.Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados,dramatizacións, etc.. | **CL**<br>**SC** | CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.<br>CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br>CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.<br>CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.<br>SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses. | PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (*happy/sad, bored*…). | | |
| B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | | |
| B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | PLEB5.15. Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | | |
| | PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | | |

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| b<br>f | B1.1. Estratexias de comprensión:<br>Uso progresivo do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos, transferidos desde as linguas que coñece a lingua estranxeira, para a formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, sobre o tema ou a situación.<br>Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou | B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias,articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | CCL |
| | | | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.<br>Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.<br>Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases…) e non verbais (expresión facial, xestos...).<br>Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións)de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br>Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.<br>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. | que non distorsionen a mensaxe.<br>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.<br>B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | |
| | | | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | CCL<br>CAA |
| | | | PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | CCL<br>CSC |
| | | | PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | CCL<br>CSC |
| BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| b | B2.1. Estratexias de produción: | B2.1. Interactuar en | PLEB2.1. Participa en | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| c<br>i | Planificación:<br>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>Execución:<br>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses..<br>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas.<br>Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.<br>Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.<br>Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.<br>Empregar a lingua estranxeira en | situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then).<br>B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.<br>B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.<br>B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CSC |
| | | | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | CCL |
| | | | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | CSC |
| | | | PLEB2.4.Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). | CCL<br>CSC |
| | | | PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | CSC |
| | | | PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | CCL<br>CSC |
| | | | PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | situacións variadas de comunicación.<br>B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación:<br>Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.<br>Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).<br>Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical. | | | |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |
| b<br>f | B3.1. Estratexias de comprensión:<br>Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.<br>Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.<br>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br>Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula…<br>Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.<br>Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos | B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br>B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.<br>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CCL |
| | | | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | CCL |
| | | | PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | CCL<br>CAA |
| | | | PLB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses. | CCL<br>CSIEE |
| | | | PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. | CCL<br>CAA |
| | | | PLB3.6. Formula hipóteses | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).<br>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.<br>Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.<br>Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. | | sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas. | CSIEE |
| | | | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | CCL<br>CAA |
| | | | PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | CCL<br>CSIEE |
| BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |
| b<br>f<br>i | B4.1. Estratexias de produción:<br>Planificación:<br>Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións …<br>Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.<br>Execución: | B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | CCL |
| | | | PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | CCL |
| | | | PLEB4.3. Escribe textos | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| --- | --- | --- | --- | --- |
| | Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.<br>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.<br>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.<br>Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>Reelaborar informacións en ficheiros, libriños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.<br>Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.<br>Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.<br>Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).<br>Iniciarse no uso das tecnoloxías da | adecuadas para a produción de textos escritos.<br>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.<br>B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. | sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | |
| | | | PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | CCL |
| | | | PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. | CCL |
| | | | PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. | CCL |
| | | | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | CCL<br>CD<br>CSC |
| | | | PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. | CCL<br>CD |
| | | | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | CAA<br>CSIEE |
| | | | PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
